



O marco normativo establecido para as titulacións oficiais polo Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro (modificado, á súa vez, polo Real decreto 861/2010, do 2 de xullo) e o Decreto 222/2011, do 2 de decembro, establece a existencia dun Sistema de Garantía da Calidade como un dos criterios que deben cumprir os novo títulos, grao, mestrado e doutoramento.

A posta en marcha do programa FIDES-AUDIT por parte da ANECA e a ACSUG permitiulle á UDC deseñar e verificar os procedementos dos Sistemas de Garantía Interna de Calidade (SGIC) para todos os centros da UDC durante os anos 2009 e 2010. Isto permítenos hoxe dispor de modelos coherentes e descentralizados de garantía da calidade en cada un dos centros.

A incorporación dun Responsable de Calidade aos equipos directivos dos distintos centros supón un paso máis na consolidación dunha rede institucional que garanta o seguimento das titulacións e permita avanzar cara á mellora da calidade da nosa oferta académica, garantía da mellor formación dos titulados da UDC. Neste novo escenario estanse a acometer tamén reformas estruturais da distribución do Persoal de Administración e Servizos, cunha nova asignación de funcións entre as distintas unidades e axentes responsables.

Todo o anterior fai oportuno actualizar a composición da Comisión de Garantía de Calidade dos SGIC dos centros, constituídas segundo as recomendacións do programa FIDES-AUDIT.

A tal efecto, a Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías establece pola presente resolución que os SGIC dos centros reflectan nas súas Comisión de Garantía de Calidade (CGC) a seguinte composición:

- Presidencia: Decano/a ou Director/a.
- Vicepresidencia: Vicedecano/a ou Subdirector/a Responsable de Calidade.
- Secretario/a: Secretario/a académico do centro, que actuará como secretario/a da comisión
- Vocais:
  - Coordinadores/as dos títulos oficiais de grao e mestrado.
  - Administrador/a ou persoa da administración ou unidade de xestión académica integrada (UXAI) responsable da xestión administrativa das titulacións do centro en quen delegue.
  - 2 representantes do PDI do centro, designados pola Xunta de Facultade ou Centro.
  - 2 representantes dos estudantes (un de eles, se é posible, de terceiro ciclo), designados pola Xunta de Facultade ou Centro.
  - 1 representante do PAS do centro, designado pola Xunta de Facultade ou Centro.
  - Un técnico da UTC, con voz e sen voto.

Esta proposta constitúe a composición mínima da CGC do centro, que poderá incrementar o número de PDI, estudantes e/ou PAS que formarán parte da comisión. Unha vez aprobada polo órgano competente do centro, a súa composición incorporárase ao SGIC.

Por iniciativa da Presidencia da Comisión, pode invitarse a participar, con voz e sen voto, a persoas que teñan relación directa cos puntos establecidos na Orde do Día.

A Coruña, 28 de maio de 2013



O VICERREITOR DE TÍTULOS, CALIDADE E NOVAS TECNOLOXÍAS

Julio Abalde Alonso